



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CINCO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000044

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 11.11.21 (ORDINARIA) E 18.11.21 (ORDINARIA).-

As referidas actas quedaron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros da Xunta.

2º.- EXPEDIENTES ÁREA DE URBANISMO.-
PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“- Expte. de parcelación 02/2021.- DOLORES BERNARDINA VEIGA (representada por Paula Freire Dopico).- Para licenza de segregación de parcela de finca cuxa referencia catastral correspóndese co número 15088A501014100000GU, sita no [REDACTED] parroquia de Lago, en solo clasificado e cualificado como , SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA (1.869 m²) e SOLO NON URBANIZABLE (COMÚN) (4.794 m²) ,nunha superficie total de 6.663 m².

E de acordo coa documentación técnica achegada polo arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a técnica superior en topografía e urbanismo Paula Freire Dopico.

Visto o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 18 de novembro de 2021.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licencia de segregación solicitada, nas condicións que figuran no informe do arquitecto municipal de data 18 de novembro de 2021 do que se adxuntará copia, así como a documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a técnica superior en topografía e urbanismo Paula Freire Dopico.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 368,10 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 23 de novembro de 2021

O Alcalde,Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local aprobou en votación ordinaria e por unanimidade a licenza de segregación transcrita anteriormente.

3º.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES 2021 (Agasallos Nadal).-

PROPOSTA DE ALCALDIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES 2021 (Agasallos Nadal):

“Vista a proposta de informe sobre as “Bases da convocatoria de medidas de apoio ás familias e menores para a compra de agasallos de Nadal 2021” do persoal técnico de Servizos Sociais e emitido pola educadora social Iria García Martínez e que se transcribe a continuación

“INFORME SOBRE BASES DA CONVOCATORIA DE MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS E MENORES 2021 (Agasallos Nadal)

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación á actuación que se fai cada ano para apoiar ás familias durante o Nadal, no relativo á compra de agasallos para menores,

INFORMO:

- 1. Que o sistema empregado o ano anterior, consistente na entrega duns vales canxeables nos establecementos comerciais, valórase axeitado ao proporcionar a axuda económica directamente ás familias co fin de reforzar a súa autonomía e a liberdade para xestionar a selección e a adquisición dos agasallos.*
- 2. Que se prevé un importe de 4000 euros como necesario para soste a previsión do gasto das solicitudes.*
- 3. Que se presentan as bases cos conceptos subvencionables condicionados pola idade dos/das menores co fin de adaptar a tipoloxía dos xoguetes.*
- 4. Que se inclúen nestas axudas os seguintes gastos subvencionables:*

1. 1. Xogos e xoguetes (0- 18 anos): xoguetes, libros, xogos educativos ou de mesa, libros, quebracabezas, e/ou material musical ou deportivo, ou calquera que se corresponda coa idade do/a menor ao que vai dirixida a axuda e nos termos establecidos nas presentes bases.

1.2. Aparatos tecnolóxicos e roupa (13-18 anos): roupa, uniformes deportivos, aparatos tecnolóxicos como reloxo, videoxogos, teléfonos, que sexan axeitados para esa franxa de idade.

5. Que se valora a contía única de 50 euros por menor.

6. Que as Bases reguladoras foron redactadas e contrastadas co departamento de servizos económicos e solicítase a retención de crédito correspondente, así como a aprobación da convocatoria en Xunta de Goberno Local.

En Valdoviño, a 23 de novembro de 2021

Iria García Martínez
Educadora Social”

vista a redacción das ditas bases e
vista a retención practicada polos Servizos económicos polo dito importe,
en virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de bases reguladoras para a convocatoria das medidas de apoio ás familias e menores para a compra de agasallos de Nadal do ano 2021.

Así o acordo, mando e asino en Valdoviño na data que figura á marxe. O Alcalde Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local aprobou en votación ordinaria e por unanimidade as bases da convocatoria de medidas de apoio ás familias e menores 2021 (Agasallos Nadal)

PARTE ACTIVIDADE

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

